



PLANS DE DESEÑO – CONVOCATORIA DESEÑAPEME 2024, IN848E

INSTRUCIÓN BÁSICAS PARA CUMPRIR AS OBRIGAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

As responsabilidades que os beneficiarios da axuda deben cumprir en materia de información e comunicación no referente ao apoio (cofinanciamento) procedente dos fondos propios da Comunidade Autónoma están identificadas nos artigos 27 ix e x da convocatoria.

Neste documento se detallan unhas breves indicacións de como cumprir parte destas obrigas que se inclúen na normativa.

Na páxina web da Axencia Galega de innovación figuran modelos documentais para o seu emprego nas accións de publicidade.

1. PUBLICIDADE NAS DEPENDENCIAS DA EMPRESA.

Durante a execución do Plan de deseño, no que se refire a xustificación da realización das actividades, e fases de verificación e auditoría e compromisos adquiridos, deberá figurar nun lugar ben visible ao público, por exemplo á entrada das dependencias da empresa, un cartel informativo de tamaño mínimo A3, que mencione o Plan de deseño e o cofinanciamento pola Axencia Galega de Innovación.

Para demostrar o cumprimento desta obriga é necesario gardar como proba documental da súa colocación (por exemplo, fotografía do emprazamento físico onde se coloque e na que haxa constancia da data na que foi realizada).

2. PUBLICIDADE NA PÁXINA WEB DA EMPRESA.

No caso de que a empresa beneficiaria dispoña de web deberán publicar a concesión da axuda e mantela actualizada. Na páxina de portada e acceso á web da entidade debe figurar unha lapela AXUDAS.

Ao acceder a esta lapela como mínimo visualizárase a imaxe do cartel de publicidade (detallado no apartado anterior), sen descartar calquera información sobre a axuda e alcance do Plan de deseño que o beneficiario considere oportuno.

3. OUTROS MATERIAIS

Na documentación para difusión que teña relación co Plan de deseño, carteis, propaganda, publicacións, vídeos, ... deberá facer mención expresa ao cofinanciamento pola Axencia Galega de Innovación e a axuda da que se é beneficiario.